

MEMORIA DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS



IES MONELOS

CURSO 2023/2024

Ao longo do curso que acaba de finalizar (2023-24) foron numerosas as actividades plantexadas, tanto pola parte do Equipo Directivo, dos membros doutros departamentos didácticos, e dos equipos de Normalización Lingüística, Biblioteca, Revista Arredemo, Radio Monelos, Club de Lectura e outros. Puxéronse en marcha, incidindo nos diferentes ámbitos, tanto educativos e culturais, como sociais e recreativos.

Estamos convencidos que as mesmas, contribuíron a mellorar a convivencia e á formación integral dos nosos alumnos.

Este curso escolar deuse continuidade a actividades que deron comezo no curso anterior (2022/23) e incorporáronse moitas novidades entre as actividades propostas polos diferentes departamentos. Entre elas o noso horto urbano no centro, coa colaboración da Fundación Paideia o cal foi coidado polos alumnos de 3º de PDC coa súa titora e o asesoramento da experta en horticultura ecolóxica Laura Gaioso, encargada de coordinar todo o proxecto.

O equipo de Normalización Lingüística baixo a coordinación do profesor de Xeografía e Historia, Enrique Sexto, levou a cabo un gran número de actividades con pequenos grupos de alumnos de diferentes clases intervindo en diversos proxectos.

Un ano máis a nosa emisora, “Radio Monelos”, coa participación das profesoras Elena Conde, Mónica Alonso e o profesor Enrique Sexto, desenvolveu unha gran cantidade de propostas en forma de reportaxes, partes meteorolóxicos, podcast sobre temas diversos e homenaxes a diferentes personalidades.

Como novidade, o presente curso comezamos a formar parte das Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo, actividade coordinada pola profesora Elena Conde. Dentro deste proxecto, contamos coa visita do deputado do parlamento europeo Francisco Miñán Mon.

Cabe destacar tamén o labor levado a cabo polo equipo de Biblioteca, baixo a coordinación dos profesores Ana Rúa (Latín), Luisa Corredoira (Lingua Galega) e Francisco Santos (Grego) retomando as actividades do Club de Lectura como en anos anteriores e promocionando este necesario hábito, sobre todo entre os máis pequenos. Foron moitos os concursos literarios organizados, nos que participaron numerosos alumnos, como “Obras literarias de mulleres”, “Relatos tormentosos”, “Día do Libro”, “Día das Bibliotecas, etc con premios para os gañadores. Tamén fixéronse visitas e numerosas actividades nas bibliotecas municipais do Castrillón e González Garcés.

Na nosa Revista Dixital **ARREDEMO** (A revista de Monelos), coordinada pola profesora Elena Conde, publicáronse ao longo do curso, un resumo das actividades que ían facendo os diferentes Departamento e equipos didácticos.

Outro departamento digno de mención é o de Educación Física, xa que ao longo do curso escolar, organizou e participou en numerosas actividades tanto propias como interdisciplináis. Entre elas podemos mencionar os "Recreo Activos" dentro do Plan Proxecta, numerosas excursións (Fragas do Eume, Aventura en Asturias, etc) , torneos inter-centros (Rugby na Universidade Laboral), así como colaborou na actividade de cohesión dentro do programa TEI.

Multiplicáronse as viaxes con estancias, tanto dentro do territorio español como no estranxeiro. Alumnos de 4º de ESO viaxaron a Asturias, de 2º de ESO a Portugal, e como en anos anteriores tiveron lugar as viaxes da Semana Blanca e París.

Non podemos esquecer a continuidade do proxecto **Polos Creativos** coordinado pola profesora de Tecnoloxía Sibila González.

Tamén, e por terceiro ano consecutivo deuse continuidade ao **Programa TEI** (titoría entre iguais), no que os alumnos de 3º da ESO, titorizan aos alumnos recen chegados de 1º de ESO. Fixéronse numerosas actividades de cohesión, nas que tivo unha importante participación o profesor de Educación Física, Iván Fernández.

En xeral, merece un gran parabén todo o claustro de profesores por tantas e diversas propostas nos seus respectivos departamentos.

Moitas grazas a todos

2. ACTIVIDADES

SETEMBRO – 2023

Día 26: **AESLEME. “Te puede pasar”** Charla dirixida a alumnos de 3º da ESO A e B co obxectivo de concienciar aos mesmos sobre a necesidade de ser responsables en canto a seguridade vial. Falouse de temas como factores de risco para peóns, ciclistas, patinetes, etc, medidas preventivas e actuacións en caso de accidentes.



Día 26: Taller IA DOMUS

Actividade organizada polo Departamento de Tecnoloxía para os alumnos de 1º de Bacharelato da asignatura TICs, sobre os usos da Intelixencia Artificial. A mesma tivo lugar na DOMUS



OUTUBRO – 2023

Día 3: “Irmandades da fala”. Percorrido pola cidade vella, organizado pola profesora de Galego Pilar Tobar, coa participación dos alumnos de 4º de PDC.



Día 18: CHARLA DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS DE GALICIA:

Charla dirixida ao alumnado de 1º de Bacharelato co obxectivo de concienciar aos mesmos sobre a importancia que ten na sociedade os doantes de sangue e órganos. Coméntouse a importancia de dita axencia, tendo en conta que España é uns dos países pioneiros na doazón de órganos.



Día 27: CHARLA DO INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA

Charla dirixida aos alumnos de 1º de Bacharelato C e D da materia de Economía, organizada polo dito Departamento.

Día 31: CHARLA DIVULGATIVO-CIENTÍFICA MOCHILAS ESCOLARES: IMPACTO MUSCULOESQUELÉTICO.

A charla do colexio de Fisioterapeutas, tivo lugar na Sala Xurxo Lobato para os alumnos de 1º da ESO. Nela fixéronos saber a importancia de escoller ben a nosa mochila, de que xeito enchela e como levala. Estes aspectos son todos moi importantes porque desde moi pequenos ata adultos levamos mochilas e isto ten un impacto directo sobre o noso corpo. De feito Isabel Tuñas, investigadora da Universidade da Coruña, que veu moi amablemente a impartir esta docencia, insistiu en que non so ten un impacto nas nosas costas, senón tamén no noso xeito de andar, no equilibrio e ate na nosa

respiración. A sesión foi moi didáctica porque ademais o alumnado puido pesar as súas mochilas, experimentar como se diferencia a carga dun peso se está preto ou lonxado do corpo e tamén facer un test utilizando cartulinas verdes ou vermellas para dicir se era verdadeira ou falsa a cuestión que se propuña.



NOVIEMBRE - 2023

DÍA 3: III ENCONTRO DE CYBERSEGURIDADE

O alumnado de 2º da ESO acudiu ao III Encontro de Ciberseguridade celebrado na cidade la Cultura de Santiago. Nesta saída asistimos á final do concurso de Ciberseguridade no cole presentado por Esther Estévez e no que gañou o IES de Foz. Viron a obra de teatro Amanda T, representada pola Escola galega de artes escénicas que versa sobre un caso real de ciber-acoso e participamos nunha charla de Ciberseguridade sobre os perigos das redes sociais e a importancia do uso seguro e responsable.



Día 17: CHARLA "Proxecto Aprendizaxe e Servizo" de UDC

Actividade organizada polo Dpto de Economía na que participaron alumnos de 1º de Bacharelato C e D.



Día 22: OBRA DE TEATRO, “SOÑOS DE ARTEFEITO”

Os alumnos de 3º e 4º de PDC asistiron á obra de teatro “Soños de Artefeito” no centro cívico dos Mallos. Actividade organizada polas profesoras Pilar Tobar (Galego) e Marta Edreira (Castelán).



DECEMBRO – 2023

Día 1: CONCERTOS DIDÁCTICOS NO PALACIO DA ÓPERA

Actividade organizada polo Dpto de Música na que asistiron os alumnos de 3º de ESO aos ensaios da Orquestra Sinfónica de Galicia no Palacio da Ópera



Día 4 e 5: ROCÓDROMO DENTRO DO PROGRAM TEI

O alumnado de 1º de ESO A e B xunto cos seus titores de 3º de ESO A e B do programa TEI (Titoría entre iguais) asistiron os días 4 e 5 de decembro ao rocódromo de Riazor para realizar prácticas de escalada.



Día 12: VISITA AO CICA (Centro de Investigacións Científicas de A Coruña)

- Visita ao Centro de Investigacións Científicas organizada polo Dpto de Bioloxía Alumnos: 1º Bacharelato A e B da materia Bioloxía



- **Charla de unha ONG** dirixida aos alumnos de 4º de ESO A e PDC. “*Horizon Experiences*” é unha ONG para a cooperación ao desenvolvemento que busca dar resposta á procura dunha forma de viaxar diferente, unha maneira de ampliar horizontes e de coñecer o mundo a través de proxectos éticos, reais e sostibles. O día 13 a charla foi para os grupos de 4º B e C



Día 13: CHARLA CINEMA NA ESCOLA

- Charla dirixida aos alumnos de 1º de ESO B de Oratoria, dentro do programa “[Cinema na Escola](#)”.

Día 15: OBRADOIRO DE CHAPAS “PARLAMENTO EUROPEO” Taller de montaxe de chapas dentro do programa de “Escolas do Parlamento europeo” Actividades desenvolvida durante os dous recreos no vestíbulo do instituto para todos os alumnos participantes en dito proxecto, coordinado pola profesora Elena Conde



Día 18: CHARLA DUN TIKTOKER

Charla dun “Tiktoker” dentro do [Programa de Escolas do Parlamento Europeo](#) dirixida aos alumnos de 4º de ESO de Oratoria e Proxecto Competencial.

Día 19: VISITA A BIBLIOTECA DO CASTRILLÓN

Visita a Biblioteca do Castrillón dos alumnos de 1º da ESO 1ªA e 1ºB coa profesora Luisa Corredoira



Día 20: PROGRAMA DE RADIO NO INFOPOINT “ESCOLAS EUROPEAS”

Programa de Radio informativo sobre a actividade do Parlamento Europeo. Coordinado polas profesoras Elena Conde e Mónica Alonso



Día 20: Visita a Feira Universitaria UNITOUR

Actividade organizada e coordinada polo Departamento de Orientación para os alumnos de 2º de Bacharelato no PALEXCO (A Coruña)

Día 21: ¡FELICITA O NADAL A QUÉN TÍ QUEIRAS!

Bo Nadal á toda comunidade educativa do IES Monelos. Moitas grazas á acollida que tivo a realización da II edición do vídeo: [Felicita a quén ti queiras](#)



XANEIRO 2024

Día 12: VISITA Á PLANTA DE PULL&BEAR (Narón)

O alumnado da materia de Empresa e deseño de modelos de negocio de segundo de bacharelato visitou a sede central de Pull&Bear en Narón. Foi moi esclarecedor todo o que lles contaron aos nosos alumnos e alumnas, que ademais puideron falar con responsables de deseño e produto, os cales aproveitaron a ocasión para facer un pequeno estudio de mercado con eles. Durante o percorrido puideron aplicar os conceptos estudados na aula como por exemplo: localización, dimensión, produtividade, RSC, entorno, merchandising, innovación, marketplace, etc.



Día 15: CHARLA “PROGRAMA PONTE”

Charla de primeiros auxilios co alumnado de 1º de bacharelato. Foi impartida por Miguel Ángel Talavera Valverde dentro dun grupo de investigación da UDC que traballan principalmente na elaboración de formas novidosas de ensinarlle este contidos aos alumnos e alumnas, e que estes á súa vez poidan ensinalos na casa aos seus familiares. Actividade enmarcada dentro do programa Ponte da USC.



Día 16: VISITA A O FORUM

Visita á exposición de fotografías do Concurso Xurxo Lobato 2023, no Forum dos alumnos de 1º Bac C e D.



Día 19: CHARLA SOBRE CONSUMO

Charla sobre consumo para os alumnos DE 4º de ESO da asignatura de Formación e Orientación Persoal e Profesional, organizada polo Dpto de Economía

Día 22 ao 26: SEMANA BRANCA (ANDORRA)

Como todos os anos os alumnos puideron disfrutar do esquí nas pistas de Andorra. A actividade estivo organizada polos profesores Santiago Daviña e Ricardo Fernández e asistiron alumnos dende 3º da ESO a 2º de Bacharelato.



FEBREIRO 2024

Día 1: Visita ao Campus da USC para 2º Bach

Percorridos nos campus universitarios destinados aos alumnos de 2º de Bacharelato organizados pola Universidades de Santiago para dar a coñecer as diferentes opcións e itinerarios das carreiras ofertadas. Asistiron 60 alumnos das diferentes clases acompañados polos seus titores

Día 6: ROTEIRO LITERARIO

Roteiro literario de “A tumba de Breogán” pola cidade vella na que participaron alumnos do Club de lectura de 1º e 3º de ESO. Actividade organizada polo equipo do club de lectura.

VISITA A PLANTA DE COCA COLA

O alumnado de economía de 4º de ESO visitou co seu profesor, Rubén Antelo, as instalacións da Coca Cola na Coruña.



Día 9: FESTA DO ENTROIDO

Como todos os anos celebrouse o último día antes das vacacións de Entroido a grande festa no noso Instituto. Participaron numerosas comparsas de diferentes cursos, e “como sempre” os primeiros premios foron a parar a os alumnos de 2º de Bacharelato. Eles sempre din, “no es tongo”.







Día 15: ACTIVIDADE DA BIBLIOTECA DO CASTRILLÓN

Actividade coas responsables da Biblioteca do Castrillón no noso centro, na que participaron alumnos de 4º de ESO C e PDC.



Día 21: CHARLA PROGRAMA PONTE DA USC 1º e 2º Bac

O catedrático e profesor da Facultade de Historia da Arte da USC, Juan Monterroso deu unha charla no noso Instituto co título “Cando a arte e a moda atópanse na historia” para o alumnado de 1º e 2º de bacharelato da materia Historia. A conversa tivo como foco a función da vestimenta na nosa sociedade e como esta di moito da época, status, relixión, etc., da persoa correspondente. Monterroso tamén analizou o servizo de distinción social que segue cumprindo hoxe en día a moda e como está en constante transformación, especialmente no mundo da instantaneidade no que vivimos. Finalmente o poñente fixo unha aproximación á evolución da moda de alta costura especialmente ao longo do século XX, tratando temas moi interesantes como a representación e función da roupa feminina, así como a posterior ruptura e liberación do corpo da muller a través da moda, moi influenciada pola arte das vangardas durante o século pasado, as que tomará como referente tendo como resultado obras que serán case escultóricas ou pictóricas como o vestido “Piet Mondrian” de Yves Saint Laurent.



Día 22: CHARLADA AXENCIA TRIBUTARIA

O xoves 22 de febreiro os alumnos e alumnas de 2º de bacharelato da materia de Empresa e deseño de modelos de negocio, asistiron á charla impartida por Lorena Otero y Maria Jesús Muñoz da Axencia Tributaria. Durante dúas horas o alumnado de economía fixo un percorrido polos ingresos obtidos polas administracións públicas a través do cobro de tributos, e os gastos con especial atención aos destinados a servizos públicos vitais coma a sanidade e a educación.



MARZO

Día 1: OBRA DE TEATRO NO FORUM

Asistencia á representación teatral *El Buscón* da compañía Regenta Teatro á que asistiron alumnos de 1º de Bacharelato A, B, C e D.

Día 6: TORNEO DE RUGBY INTERCENTROS

O alumnado de 2º ESO participou no "II Torneo Intercentros de Rugby Cinta ACEA DE AMA". Foi unha mañana moi divertida chea de emoción e deportividade. Cada equipo foi acollido por un adestrador, que os acompañou e guiou durante toda a xornada. Os encargados desta tarefa, con moito cariño e ilusión, foron os estudantes do Ciclo de Formación Superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva.



Día 13: CHARLA SOBRE BIOTECNOLOXÍA

Charla e Obradoiro sobre Biotecnoloxía dunha investigadora da Universidade de á que asistiron alumnos de 2º Bach. A e B

Día 15: ACTIVIDADE COAS BIBLIOTECARIAS DA BIBLIOTECA DO CASTRILLÓN

Este día visitánnos Alicia e Luísa, as nosas xa coñecidas bibliotecarias da Biblioteca do Castrillón. Desta volta, Alicia e Luísa realizaron unha serie de actividades co alumnado de 1º ESO A e 1º ESO B. Partindo dunha presentación explicáronlles aos pequenos quen é a autora homenaxeada este ano o día das Letras Galegas; logo disto, e co material preparado tamén por elas, o alumnado elaborou as súas propias creacións que leron na aula e que se expoñerán cara ao día das Letras na biblioteca. Unha actividade coa que disfrutaron moito foi coa elaboración d'O cadáver exquisito.



Día 18: ACTIVIDADE “GREEN SOULS”

Nesta actividade participaron alumnos de 3º A e B de ESO baixo a coordinación da profesora Sonia Bermúdez. O programa contou cunha formación de charlas impartidas pola organización Acción Social por la Juventud. Cada unha das tres charlas xirou en torno a unha temática específica na que se buscaba profundizar: o cambio climático e activismo medioambiental, a lexislación e financiación europeas e o voluntariado e emprendemento medioambiental. O obxectivo final era creación de distintas campañas de concienciación e sensibilización co medioambiente. Con isto, cada clase dividiuse en distintos grupos para crear a súa propia campaña e comezar a competición Green Souls, que consistía en obter o maior número de likes coas diferentes publicacións que colgaron no Instagram da organización. Así, a través das pantallas, conseguíuse concienciar a moita xente.




Día 19: ACTIVIDADE DA BIBLIOTECA DO CASTRILLÓN

Actividade organizada polo equipo da Biblioteca coa colaboración das responsables da biblioteca pública do Castrillón. Participaron alumnos de 3º A de ESO xunto coas Profesoras Luisa Corredoira e Sonia Bermúdez.

Día 20: CHARLA PEGADA DIXITAL

Charla organizada pola profesora Laura Huerga do Dpto de Tecnoloxía co obxectivo de concienciar aos alumnos sobre o perigo que supón a pegada dixital que deixamos ao navegar polas redes. Participaron alumnos de 3º A e B de ESO.



Día 21:

ACTIVIDADE NA BIBLIOTECA PÚBLICA GONZÁLEZ GARCÉS

Actividade organizada polo equipo da biblioteca na Biblioteca pública González Garcés na que participaron alumnos de 3º B Profesores coordinadores: Luisa Corredoira e Sonia Bermúdez

GYMKHANA POLA CIDADE VELLA

Actividade organizada polo profesor Santiago Dans do Dpto de Xeografía e Historia. Nela participaron alumnos de 1º Bacharelato C e D (Historia)

Día 22: OBRADOIRO “TALENTO MOZO”

Actividade organizada polo Dpto de Orientación. Tratouse dun coloquio e obradoiro sobre a experiencia de mozos en distintos campos profesionais. Nela participaron alumnos de 4º de ESO A e B.

ABRIL

Día 2 a 8: VIAXE A PARÍS

Actividade organizada e coordinada pola profesora de Francés, Beatríz López na que participaron 45 alumnos de 1º e 2º de Bacharelato. Durante a mesmo puideron coñecer as principais atracción da cidade da luz. Torre Eiffel, Panteón, Campos Eliseos, Museo del Louvre, Palacio de Versailles e por suposto Euro Disney.





EXCURSIÓN A LUGO

Actividade organizada pola profesora de Lingua Galega Pilar Tobar cos alumnos de 4º de PDC. Nela os alumnos visitaron a exposición “Eu son. As rapadas” no Museo provincial de Lugo.



VIDEO CONFERENCIA “ESCOLAS EMBAIXADORAS EUROPEAS”

Actividade coordinada e organizada pola profesora Elena Conde co grupo de alumnos participantes no proxecto de Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo.

Día 12: CONCERTOS DIDÁCTICOS NO PALACIO DA ÓPERA

Actividade organizada polo Dpto de Música na que asistiron os alumnos de 2º de ESO B aos ensaios da Orquestra Sinfónica de Galicia no Palacio da Ópera

Día 17: CHARLA “SEMANA EUROPEA DA XUVENTUDE”

Charla enmarcada dentro do proxecto das Escolas Eimbaixadoras do Parlamento Europeo, na que participaron alumnos de 1º de Bacharelato A e B

Día 18: OBRADOIRO NA DOMUS

Obradoiro “Laberinto Aberto”. Actividade organizada polo Dpto de Bioloxía para os alumnos de 1º de Bacharelato da materia Anatomía Aplicada.



Día 18: CONCERTOS DIDÁCTICOS NO PALACIO DA ÓPERA

Actividade organizada polo Dpto de Música na que asistiron os alumnos de 2º de ESO A aos ensaios da Orquestra Sinfónica de Galicia no Palacio da Ópera

Día 24: CONGRESO FP INNOVA

Actividade organizada polo Dpto de Orientación. Visita ao Congreso FP Innova dos alumnos de 4º de ESO A, B e C

Día 25 e 26: EXCURSIÓN FIN DE CURSO ASTURIAS

Actividade organizada polo Dpto de Educación Física baixo a coordinación do profesor Iván Fernández. Dúas xornadas nas que os rapaces e rapazas desfrutaron de actividades deportivas ao aire libre, nunha fantástica contorna en Picos de Europa. O 1º día fixeron o descenso do río Sella en Canoa, nun percorrido de 7km rodeado de natureza. Unha vez rematada a actividade, fomos a pasear polo pobo de Ariondas e rematamos o día coa cea.

Na 2ª xornada, fixemos barranquismo en Peñamellera Alta. A actividade levouse a cabo nunha zona natural fabulosa, percorrendo o descenso dun río con saltos, pozas, tobogáns naturais e un montón de divertidos desafíos, que nos motivaron a superar medos e a gozar dunha actividade de aventura total. Unha vez terminada a actividade, visitamos o fermoso pobo de Cangas de Onís antes de emprender o camiño de volta para Coruña.





MAIO

Día 4: DÍA DA CIENCIA NA RÚA

Este curso, como en anos anteriores alumnos de 1º de Bacharelato, participaron cun interesante proxecto no Día da Ciencia na Rúa organizado polo Concello da Coruña. Esta actividade foi posible grazas ao traballo dos alumnos e os profesores de Tecnoloxía do IES Manuel Murguía, Ramón Pasandín e de Física e Química Carlos Álvarez do IES Monelos. Parabén polo voso traballo!



Día

6: ENCONTRO CO IES AGRA DE LEBORÍS (A LARACHA)

Actividade organizada polo Departamento de [Normalización Lingüística](#) baixo a coordinación do profesor de Xeografía e Historia, Enrique Sexto. Nela participaron alumnos de 1º de ESO. Durante a mesma fixéronse actividades conxuntas na contorna do IES de Laracha

Día 10: EXCURSIÓN ÁS FRAGAS DO EUME

O alumnado de 1º ESO saíu a realizar unha ruta de sendeirismo pola fantástica contorna do parque da natural das Fragas do Eume: ruta do “Camiño dos Cerqueiros”. Tiveron a oportunidade de aprender sobre a bio-diversidade da zona e de reflexionar sobre a importancia do coidado dos nosos montes mentres camiñamos. Foi unha ruta circular de 7km, na que paremos a merendar no fermoso “Mirador da Carbueira” cunhas fermosas vistas dende unha das zonas máis altas do parque.





CORRELINGUA 2024

Actividade desenvolvida na contorna da Torre de Hércules, coordinada polo responsable do equipo de normalización lingüística Enrique Sexto, na que participaron alumnos de 2º A e B da ESO.

CHARLA DO BANCO DE ESPAÑA

Charla sobre inversións financeiras do Banco de España. Actividad organizada por el Dpto de Economía para os alumnos de 1º Bacharelato C e D da materia Economía.

Día 16: CHARLA DA ESCRITORA ANDREA MACEIRAS

Actividade organizada polo Dpto de Galego na que participaron alumnos de 1º de ESO. Andrea compartiu con nós, unha presentación na que vai explicando o proceso creativo e as vivencias que a levan a construír un libro. Os nenos e as nenas realizáronlle preguntas a Andrea con moito entusiasmo, incluso algunhas delas foron sobre outros libros que tamén leron.




Día 23 2 24: EXCURSIÓN A PORTUGAL

O alumnado de 2º ESO estivo de excursión no parque de aventura Diverlandhoso en Oliveira (Portugal).

Na chegada ao parque e quedaron asombrados co fermoso lugar onde ían a pasar a noite. Unhas cabanas enormes no medio do monte... A primeira actividade foi a de pontes colgantes. Logo dalgún que outro momento tensión, superaron as vertixinosas pontes. A continuación, os esperaba a vía ferrata e o descenso vertical de 50 metros.

A segunda xornada, comezou coa actividade mina labirinto subterráneo, onde tiñan que ir descifrando pistas co mapa para acabar o percorrido no menor tempo posible.. Logo, foron a dar un merecido baño nun fermoso lago e xantamos para coller folgos de cara a tarde. Unha tarde na que voltamos ao Lago e nos lanzamos por unha tirolina que cruzaba o parque de arriba a abaixo. Dous xornadas moi divertidas.





Día 27: CHARLA DA ESCRITORIA XULIA PISÓN

Charla organizada polo Dpto de Bioloxía para los alumnos de 1º de ESO.

Día 28: EXCURSIÓN A PONTECESO

Comezou o día visitando o dolmen de Dombate, na parroquia de Borneiro, en Cabana de Bergantiños. Alí, escoitamos e aprendimos toda a historia do dolmen contada polo guía. O dolmen, formado por un conxunto de xigantescas pedras é un túmulo no cal soterraban aos mortos da época neolítica. Ademais, puidemos ver a réplica das pinturas rupestres que se atopan no interior da cámara. Estas teñen un valor moi especial xa que hoxe en día consérvanse moi poucas pinturas parietais en toda Europa. Mais...non todo ía ser teoría e tocaba poñer en práctica todos os coñecementos aprendidos durante a visita ao dolmen. Con lanzas e propulsores similares ás do Neolítico, fixemos un taller de caza co

Scan me!



obxectivo de capturar algún cervo... O resultado... acabamos xantando uns bocatas en vez de carne de cervo! O noso non é a supervivencia.

A seguinte visita foi ao Castro de Borneiro. Avanzando na Prehistoria uns cantos anos, sumerxímonos na Idade do Ferro grazas á explicación do profesor de historia, Santiago Dans. Contounos como eran os fogares daquela época, os castros, e a forma de vida que levaban... Todo terceiro da ESO entramos nun dos castros e botamos unha bonita foto de recordo.

Antes de xantar, subimos ata a cima do Monte Branco, onde fomos recompensados coas maravillosas vistas da desembocadura do río Anllóns na Ría de Corme e Laxe. Dende esta gran altura, puidemos divisar o que sería o próximo destino onde acudiríamos para comer baixo o pinar: a praia de Balarés. A verdade e que o bo tempo acompañounos ao longo de todo o día, con isto, desfrutamos da espectacular praia xogando e incluso algúns mollaron un pouquiño os pés no mar.

Para rematar, fixemos un tramo do paseo ao lado do río Anllóns chegando finalmente a Ponteceso. Deunos a benvida a casa natal de Eduardo Pondal.

Día 29: EXCURSIÓN A MERA (SEIXO BLANCO)

Excursión a Mera pola zona de Seixo Blanco organizada polo Dpto de Bioloxía na que participaron alumnos de 4º de ESO de da materia Bioloxía. Durante toda a xornada recibiron as explicacións de Francisco Canosa, doutor en xeoloxía.



Día 29: ROTEIRO ISABEL ZENDAL

A rapazada de 2º ESO paseou pola zona vella coruñesa co fin de documentar novas narracións radiofónicas no Castelo de S.Antón e de coñecer cómo a escritora María Solar creou a súa historia, "Os nenos da variola", que leron este curso, a partir da información que conservamos sobre a Expedición Balmis e o antigo Hospital da Caridade da nosa cidade. Por eso coñeceron a rúa que leva o nome de Isabel Zendal; o Museo Militar onde hai unha réplica da goleta María Pita que levou aos nenos a América; o torno das Clarisas; a Casa Cornide onde se atopa actualmente o portalón de entrada ao vello hospicio; o instituto Zalaeta, que ocupa o solar dos nenos orfos doutro tempo, lembrado pola Rúa Hospital da Cidade; e a Igrexa de S.Nicolás, onde se






XUÑO

Día 12: CERIMONIA DE GRADUACIÓN DOS ALUMNOS DE 2º DE BACHARELATO

No auditorio do Ágora o 12 de Xuño, tivo lugar a Cerimonia de Graduación dos nosos alumnos de 2º de Bacharelato. Foi un acto moi emotivo coa participación dos alumnos, e profesores – titores que nos fixeron pasar uns momentos moi agradables. Sorprendeunos o gran talento da ex alumna do IES Monelos, Marta Iglesias co seu espectáculo de clown e acrobacia aérea

Coma sempre e moi satisfactorio poder entregar os premios de recoñecemento aos alumnos e alumnas que obtiveron matrícula de honra que este ano foi para os alumnos Andrea Suleimán Casalderrey, Celia Reboredo Martínez, Jorge López Cuns, Juan Vilariño Rabuñal e Raquel Gantes Fernández











Día 18: ROTEIRO LITERARIO POLA RÍA DE AROUSA

Actividade organizada polos membros do Club de lectura, na que participaron os alumnos que colaboraron ao longo do curso nas actividades do mesmo.





Día 19: Xornada de portas abertas alumnos do CEIP San Francisco Javier

Actividade organizada e coordinada pola orientadora María Jesús Lourido, durante a cal alumnos de 2º de ESO fixeron un percorrido en pequenos grupos ensinando a os futuros novos alumnos as instalacións do noso centro.







ACTIVIDADES AO LONGO DO CURSO

Radio Monelos

Este ano, continuo de maneira moi activa as propostas de nosa emisora “Radio Monelos”. Grazas a labor do equipo de Normalización Lingüística, baixo a coordinación do profesor Enrique Sexto puxéronse en marcha moitos e novos proxectos. Participaron un gran número de alumnos e graváronse numerosos podcast sobre unha gran diversidade de temas; desde partes meteorolóxicos, pasando por entrevistas sobre diversos grupos musicais, ata información sobre actividades que levaron a cabo no noso centro. É importante destacar a labor dos alumnos e alumnas que colaboraron moi activamente como xornalistas.

Este ano tivo un papel moi activo na radio o noso novo proxecto de [Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo](#) con numerosos programas e podcast dedicados a difundir a labor do noso equipo de embaixadores.



No seguinte código QR pódese atopar máis información:

- **PLAN PROXECTA**

Durante este curso 2023-24 o noso centro participou en dous proxectos

- **Meteoscolas**

Baixo o nome de **“Aprendemos máis desde MeteoMonelos”**, este foi xa o quinto ano que o IES Monelos participa no Proxecto Meteoescolas. Ao longo deste curso 2023/2024 fixemos diversas actividades que nos permitiron afrontar o proxecto desde diferentes materias e áreas de coñecemento.

Un curso máis, gustaríanos destacar o papel activo do alumnado e o traballo do profesorado, a súa implicación nas actividades do proxecto, algunhas delas como unha continuación das que se levaban facendo en cursos anteriores.

Co noso traballo ao longo do curso, incidimos na importancia da recollida sistemática de datos como punto clave do método científico, recitamos poemas en galego de temática meteorolóxica, analizamos o impacto da chuvia ácida nos seres vivos, reciclamos papel, convertémonos en cazadores de nubes, empregamos a radio para dar o parte meteorolóxico semanal a toda a comunidade educativa, e mesmo analizamos a influencia dos días de chuvia nos cultivos da nosa horta.

Outras actividades quedaron sen se poder realizar; aínda así, están xa perfectamente definidas e deseñadas, e esperamos poder levalas a cabo nun futuro próximo.

Este proxecto contou coa colaboración dos seguintes profesores: Sonia Bermúdez (Coordinadora), Pilar Couceiro, Pilar Casanova, Cristina Villalobos, Luisa Corredoira e Enrique Sexto.

- **Proxecto de Vida Activa e Deportiva**

Baixo o nome de **“Máis persoas activas por un mundo san”** o Dpto de Educación Física, participou neste programa con gran éxito. Grazas a implicación tanto dos profesores do departamento como do alumnado, o programa tivo unha participación masiva. O mesmo estivo coordinado polo profesor Iván Fernández e contou coa colaboración dos profesores Mónica Alonso e Juan Riera.

A través del, buscouse concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade dunha vida activa, facéndoos partícipes e asesorándoos dende o Departamento de Educación Física.

- DEFRIIT

Un ano máis conseguimos darlle continuidade a un dos proxectos máis lonxevos do noso centro, o Proxecto europeo de novos redactores, [DEFRIIT](#).

Baixo a coordinación do profesor de Grego, Francisco Santos os alumnos redactaron os artigos, que finalmente formaron parte da edición española do xornal. Como noutras ocasións, contamos coa colaboración de La Voz de Galicia, para a impresión do mesmo.

Este ano a viaxe tan esperado polos alumnos veuse truncado pola falta de dispoñibilidade dalgunhas das delegacións participantes. A mesma, terá lugar a comezos do curso 2024/25 a cidade italiana de Bolonia



Máis información no seguinte código QR



- BIBLIOTECA NAUTILUS

O [Equipo de Biblioteca](#), como todos os anos, levou a cabo innumerables iniciativas, desde conmemoracións en datas sinaladas ata todo tipo de actividades para a promoción da lectura.

Nos seguintes códigos QR pódese consultar toda a información relacionada aos concursos e alumnos premiados.



Biblioteca e Club de lectura ([Revista Arredemo](#))



Biblioteca Nautilus

Non podemos deixar pasar a oportunidade de agradecer aos voluntarios que ao longo de todo o ano colaboraron nas actividades do Club de Lectura. Tiveron un merecido premio en forma de excursión ao rematar o presente curso. ¡Parabéns!

POLOS CREATIVOS

Este ano deuse continuidade ao proxecto de Polos Creativos iniciado o pasado curso baixo a coordinación e o traballo dos profesores Elena Conde e Sibila González entre outros. Dentro do mesmo continúaase desenvolvendo a nosa revista dixital [Arredemo](#)

Nos diferentes espazos os alumnos puideron traballar en diferentes proxectos fundamentalmente na materia de Tecnoloxía.



Aula tecnoloxía



Aula de Imaxe

- NOVIDADES

A hortiña de Monelos

Xa temos a nosa nova horta. Dispón dun sistema de rego automático controlada a través dunha App. O alumnado de terceiro e cuarto de PDC foi o que participou na súa xestión.

Desde a perspectiva da innovación educativa e da educación ambiental, o horto como recurso educativo supón un instrumento de primeira orde, debido a que permite poñer en práctica unha aprendizaxe activa e cooperativa baseado na resolución planificada de problemas, así como un eficaz desenvolvemento de actitudes e valores conducentes a uns comportamentos máis comprometidos coa conservación e mellora da contorna e coa utilización sostible dos recursos ambientais.

Moitas grazas á Fundación Paideia pola súa inestimable axuda no financiamento e posta en marcha da nosa nova horta escolar!



Máis información aquí



CONCERTO FIN DE CURSO

O día 19 de xuño tivo lugar no salón de actos o concerto de final do curso dos alumnos de 2º da ESO A e B da sección bilingüe da materia de Música, baixo a dirección do profesor Antón Orosa.




- CONCURSOS e EXPOSICIÓNS

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “XURXO LOBATO”

O día **23 de maio de 2024**, un ano máis se celebra no noso centro a entrega de premios do Concurso de Fotografía Xurxo Lobato. O concurso está convocado pola Asociación de Amigos do IES Monelos, coa colaboración do Concello da Coruña e Gadis.

E xa imos pola 19º Edición! Parabéns a todos os premiados.



CONCURSO DE COCIÑA

Aquí os premiados no concurso de cociña organizado no Centro. Os alumnos trouxeron saborosos pratos elaborados por eles mesmos (ou iso dixeron)



CONCURSO AS VIÑETAS NO DÍA DO LIBRO

Conmemoramos o Día do Libro motivando o noso alumnado a participar nun concurso que os levou a pescudar, imaxinar, gozar...e gañar!



CONCURSO DE CARTÉIS DE ENTROIDO

Durante as celebración do Entroido, convocouse un **Concurso de Carteis** alusivos a festa. Contamos coa colaboración do Dpto de Plástica. Como en outros anos a máis premiada foi a alumna Anakarina Díaz de Toma de 4º de ESO

- **E MOITO MÁIS**

EXPOSICIÓN MULLERES NAS ARTES

Organizada polo Dpto de Lingua Galega



MERCADILLO DE TARTAS

Os alumnos de 2º de ESO fixeron ao longo do mes de novembro durante os recreos un mercadillo de doces, tartas e larpeiradas para financiar o seu viaxe de fin de curso a Portugal. Todo un éxito!



DÍA DAS BIBLIOTECAS



DÍA DE ROSALÍA



COLABORADORAS REVISTA ARREDEMO





Los colaboradores: Iria Hidalgo, Catalina Bago, Elena Álvarez, Carolina Barbeito, Inés Candamio, Ainhoa Losada, Carmen Pérez, Ainhoa Prado, Noa Vázquez, Eva Paz, Laura Virosta



EMBAIXADORES EUROPEOS DO IES MONELOS



RADIO MONELOS

Este curso a nosa radio contou con dúas locutoras de excepción, as profesoras Elena Conde e Mónica Alonso. Ambas fixeron un gran traballo para dar a coñecer o marabilloso mundo da radio. Parabéns!



ACTO CONTRA A GUERRA



E moito máis no nas seguintes ligazóns da Revista Arredemo



- [Escola Embaixadoras do Parlamento Europeo](#)
- [Radio Monelos](#)
- [Deporte e Saúde](#)
- [Ciencias](#)
- [Artistas creando](#)
- [Biblioteca e Club de lectura](#)
- [Entre nos](#)
- [A hortiña](#)
- [DEFRIT](#)

FOTOGRAFÍAS GRUPOS E TITORES CURSO 23/24

1º ESO A (Titora: María Laura Pascual García)



1º ESO B (Titora: Marta Rafael Balsa)



2º ESO A (Titora: Cristina Villalobos López)



2º ESO B (Titora: Covadonga Varela Suárez)



3º ESO A (Titor: Santiago Daviña Astray)



3º ESO B (Titora: Sonia Bermúdez Couceiro)



3º ESO PDC (Titora: Marta Beatríz Edreira Domínguez)



4º ESO A (Titora: María Goretti Hermida Rodríguez)



4º ESO B (Titor: Iván Fernández Pousada)



4º ESO C (Titora: María Jesús Pérez Alvariño)



4º PDC (Titora: Paula Pazos Vázquez)



1º BACHARELATO A (Titora: Montserrat Puime Sabugueiro)



1º BACHARELATO B (Titora: María Elena García Martínez)



1º BACHARELATO C (Titor: Antonio Frade Fraga)



1º BACHARELATO D (Titor: Rubén Antelo Rial)



2º BACHARELATO A (Titora: María del Mar Rodríguez Iglesias)



2º BACHARELATO B (Titor: Santiago Dans Sampedro)



2º BACHARELATO C (Titor: Juan Manuel Vázquez Sevillano)



... e moito máis!. En todos e cada un dos Departamentos fixéronse actividades que quedaran recollidas nas memorias de actividades dos mesmos. Se algunha non está reflectida nesta memoria, (foron moitas) vos pedimos desculpas.

Bo verán!

O Equipo Directivo do IES Monelos

A Coruña, Xullo de 2024